



# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 27/06//2014

Na vila de Vimianzo, ás vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte e sete de xuño de dous mil catorce, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:  
D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Trillo Lema  
D. José Antonio Miñones Riveiro  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. Juan Carlos Amado Sambade  
D. José Manuel Rodríguez Blanco

Ausentes:

D. José Manuel Pérez Trillo  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones

Secretaria: D.<sup>a</sup> María Cristina Varela García  
Interventora: D.<sup>a</sup> Gema Leal Ínsua

O alcalde sinala que a sesión ordinaria se adiantou a hoxe porque tiveron que convocar un pleno extraordinario a instancias da oposición e queda perfectamente xustificado o aforro de tempo e diñeiro.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### **1. Aprobación dos borradores das actas das sesións ordinaria do 31 de maio e extraordinaria e urxente do 17 de xuño do 2014.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. alcalde pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

A secretaria sinala que existe unha dilixencia de constancia da secretaria accidental respecto da acta da sesión do 28 de abril de 2014, posto que na cabeceira non aparece o Sr. Amado Sambade e sen embargo sí asistiu á sesión e así consta.

Quedan aprobadas as actas da sesión ordinaria do 31 de maio e da sesión extraordinaria e urxente do 17 de xuño de 2014 ao non formularse observacións.

## **2. Modificación da Ordenanza Fiscal núm. 7, reguladora do Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda, Orzamentos e Asuntos Económicos, reunida o 24 de xuño de 2014, na que se ditaminou por asentimento a seguinte proposta de acordo:

*“(...) Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 7, reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.*

*Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.*

*Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”*

O alcalde explica que a modificación é unha cuestión técnica para mellora dos cidadáns para exención do IVTM no caso de persoas con minusvalía, agora contéplase que tamén se poda presentar unha certificación da pensión da Seguridade Social.

O Sr. Miñones Riveiro di que hai informe técnico e está dacordo.

Non hai intervencións.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

## **3. Modificación da Ordenanza reguladora da expedición das tarxetas de accesibilidade e tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalía.**

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social e Promoción da Igualdade, reunida o 24 de xuño de 2014, na que se ditaminou por asentimento a seguinte proposta de acordo:

*“(...) Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da expedición das tarxetas de accesibilidade e tarxetas de estacionamento para persoas con minusvalía do Concello de Vimianzo.*

*Segundo.- Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.*

*De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.*

*Terceiro.- Facultar o Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”*

O alcalde explica que tamén é unha cuestión técnica que mellora o servizo, pois auméntase o prazo de caducidade a dez anos.



# Concello de Vimianzo

Non se producen intervencións.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

## 4. Inicio do expediente de investigación do camiño de Reboredo.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, reunida o 24 de xuño de 2014, na que se ditaminou por asentimento a seguinte proposta de acordo:

*"(...) Primeiro.- Iniciar expediente de investigación de oficio sobre o carácter público do camiño de Reboredo, parroquia de Salto, procedendo de acordo co previsto nos art. 49 ata 55, ambos inclusive do Regulamento de bens das Entidades Locais.*

*Segundo.- Que se expoña ó público polo prazo dun mes, mediante inserción de anuncio no BOP, para que polos interesados se presenten as alegacións ou reclamacións que se estimen pertinentes. Dar conta á administración Central e Autonómica.*

*Terceiro.-Notificar este acordo ós afectados no mesmo que se atopan identificados no expediente."*

O alcalde explica que é un asunto que xa foi tratado neste pleno en diversas ocasións, no apartado de rogos e preguntas e non se lembra se tamén no de mocións. O Sr. Soto Pérez presentou unha denuncia pedindo a investigación do dominio público. Realizáronse as pescudas necesarias e non aparece definido o carácter privado, hai indicios de que sexa público, e por iso se trae esta proposta ao pleno, e se se conclúe que é público, como xa dixo en repetidas ocasións, haberá que recuperalo e deixalo libre.

O Sr. Miñones Riveiro di que en base aos informes que hai no expediente hai que iniciar un expediente de investigación para determinar se é público ou privado e están dacordo coa proposta.

O Sr. Soto Pérez di que é un asunto que foi máis lento do esperado pero por fin chega ao pleno. Esperan que o expediente siga con dilixencia o seu curso e se se comproba o carácter público que se recupere o uso público.

O Sr. Amado Sambade di que está totalmente dacordo con este tema.

O Sr. Rodríguez Blanco sinala que tanto el como a súa compañeira están dacordo en que se investigue este camiño.

O alcalde entende aprobado o ditame por asentimento.

## 5. Comunicados oficiais.

A secretaria da conta dos seguintes anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia, referentes a expedientes tratados polo Pleno da Corporación:

- Anuncio de aprobación definitiva do orzamento xeral e cadro de persoal para o ano 2014 (BOP nº 105, do 4 de xuño de 2014);
- Anuncio de aprobación inicial da modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento da Escola Infantil Municipal (BOP nº 106, do 5 de xuño de 2014);
- Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza reguladora do servizo municipal de axuda no fogar (BOP nº 111, do 12 de xuño de 2014).

## **6. Dación de conta de informes de Intervención.**

A interventora da conta dos seguintes informes:

- Conforme se determina na base nº 30ª das Bases de Execución do Orzamento, dase conta dos datos actualizados contabilizados referidos ás aplicacións orzamentarias correspondentes a inversións.
- Da Resolución da Alcaldía núm. 350/2014 de data 31 de marzo de 2014, pola que se aproba o plan orzamentario a medio prazo 2014-2017.
- Dase conta da información de morosidade do 1º trimestres de 2014.

A documentación consta no expediente da presente sesión plenaria.  
O Pleno dase por enterado.

## **7. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, consta no expediente da presente sesión plenaria a relación de resolucións da Alcaldía-Presidencia adoptadas dende a última resolución da que se deu conta na sesión plenaria de carácter ordinario celebrada o 29 de marzo de 2014, isto é, dende a resolución núm. 576, do 29/05/2014 ata a resolución núm. 735, do 23/06/2014.

Ditas resolucións foron postas a disposición dos Sres. Concelleiros dende a data da convocatoria da presente sesión plenaria e incorpóranse á presente acta como Anexo I.

## **8. Mocións.**

Non hai mocións.

## **9. Rogos e preguntas.**

O voceiro do PSOE sinala que botan en falta aparcamentos para minusválidos (rogo).

En segundo lugar, expón que na entrada do casco urbano hai un coche que leva abandonado varios anos, pide que se tomen medidas.

Respecto ás preguntas, quere saber se o parque eólico se vai situar en terreos municipais, se vai dar luz pública ou tamén abastecerá a privados, e se temos crédito ou é necesaria unha modificación?

Respecto do adecentamento do campo da feira da Piroga, o Sr. Miñones Riveiro recoñece que está mellor que estaba, pero botan en falta que nos accesos dende Eroski se faga un rebacheo porque está inaccesible.

O alcalde sinala, respecto dos aparcamentos para minusválidos, que fai falla non só dotalos senón tamén ter conciencia cívica e respetalos, aínda que non estean ocupados. Mirarán de facer algunha.



# Concello de Vimianzo

O coche está ubicado nun terreo privado, supón que do seu propietario, polo tanto dende o concello só lle poden pedir que o retire. Dende outras instancias como o Seprona tamén soen facer esas cousas.

Respecto do miniparque eólico, é unha iniciativa da que se senten orgullosos. A idea é conseguir aforro enerxético para o concello. Está en terreos de titularidade municipal, en breve procederán a estudar a viabilidade da aportación municipal, que é menor de 18,000 euros e a subvención son 71.000 euros.

Ao respecto do campo da Piroga, agradece o comentario e explica que se adecentou a esa zona, que era unha ratoneira, cos mínimos recursos posibles, para que a feira pasase para o campo onde se celebrou tradicionalmente. Di que a partires do terceiro domingo de xullo a feira non se celebrará no termo municipal de Vimianzo nin na AC-552 nin na estrada de Baíñas, senón que todos os feirantes teñen que instalarse no campo da feira porque hai dispoñibilidade. Agradace á asociación de veciños a súa colaboración neste proxecto. O que se pretende é potenciar unha feira que foi sempre unha referencia e impulsarse con iniciativas complementarias, e tomarase nota diso para facelo.

O Sr. Soto Pérez ten varios rogos. Respecto da feira da Piroga pide que se destine parte do remanente para esa zona, para tratar de recuperar esa feira. Outro rogo fixéronllo chegar os veciños da rúa Codeseiras, pois as beirarrúas non están en boas condicións. Outro rogo é que a piscina se abra antes.

O alcalde agradece os seus rogos. Da piscina di que sempre pasa o mesmo cando o mes de xuño ven bo, pero quen a utiliza son os máis novos, que en xuño teñen clase e exames finais. A apertura supón unha serie de trámites e oxalá puidieran predecir o bo tempo.

Respecto da rúa Codeseiras, o outro día pasaron por alí e pensan que é necesaria unha actuación. Comprométese, se conta co seu apoio, a empregar o remanente para unha actuación nesa zona.

O voceiro de IxV pide a palabra para comentar un tema que esqueciu antes: detrás do pabillón hai unha zona utilizada para practicar "frontenis" e nesa zona encaixaría unha pista de padel.

O alcalde congratúlase de coincidir tanto e anuncia que este goberno solicitou unha subvención á Xunta para facer unha pista de padel alí. Indica que eso está dentro dun plan máis ambicioso, como é o paseo fluvial de Vimianzo. A primeira parte está xa comprometida coa sinatura do convenio coa Deputación, e a segunda está en marcha. Queren abrir o paseo fluvial aos veciños de Vimianzo, tirando cos muros.

Ao respecto o da zona da Piroga, xa lles gustaría poder dispoñer deses 500.000 euros de remanente pero non vai ser así.

O voceiro do PP di que lle parece moi ben o que se fixo e se se pode debe facerse algo máis.


O alcalde agradece tamén ao PP que recoñece que este goberno non goberna mal. Xa lles gustaría contar con eses 500.000 euros para facer un recinto feiral importante, pero tamén hai que enchelo. Agora os feirantes non teñen excusa para non instalarse alí.

O Sr. Rodríguez Blanco di que sería importante que unha parte dese remanente se adique ao patio cuberto do colexio. Pregunta polos horarios das cuadrillas de limpeza.


O alcalde di que o obxectivo do goberno, xunto coa ANPA, é ter unha entrevista con Educación para que asuma as súas responsabilidades, como fixo no colexio de Baíñas. O primeiro obxectivo é conseguir o compromiso da Xunta. Ao respecto da pregunta, remíteo á páxina web do concello, no que están colgadas as bases e terá resposta á cuestión dos horarios.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o vinte e sete de xuño de dous mil catorce.



O ALCALDE



A SECRETARIA



Nº Decreto	Nº de Expediente	Asunto
576/2014	2014/G003/000354	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO POR MONICA COTRIN MURIAS
577/2014	2014/G003/000355	SOLICITUDE DE AUTORIZACION PARA O USO DO PAVILLON MUNICIPAL DE VIMIANZO, PARA CELEBRAR UN TORNEO DE FÚTBOL-SALA FEMENINO INFANTIL.
578/2014	2014/G003/000356	NOMINA SALARIOS DO MES DE MAIO 2014
579/2014	2014/G003/000280	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 2 OBRA ACTUACIÓN NO PATRIMONIO MUNICIPAL EN TINES E SERRAMO.APROBACIÓN DA FACTURA CORRESPONDENTE A DITA CERTIFICACIÓN E ORDENACIÓN DO PAGO QUE DERIVA DA MESMA
580/2014	2014/G003/000357	CAMBIO DE DOMICILIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE BRAHIM BAKCHICHE
581/2014	2014/G003/000358	APROBACIÓN DE FACTURAS EQUIPAMENTO CULTURAL; AUTORIZACIÓN COMPROMISO RECOÑECEMENTO E ORDENACIÓN DE PAGO
582/2014	2014/G003/000360	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE PEDRO CALVO MATA E MARIA JESUS INSUA BELLO PARA GANDARA DE OSA, 19
583/2014	2014/G003/000361	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS, NA LIÑA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA
584/2014	2014/G003/000362	SOLIC ALTA NO PMH DE EVA DE LA TORRE LLORCA E ANDRES COBAS FONTAN PARA RUA CANDIL, 3-DTA
585/2014	2014/G003/000363	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.583, DE DATA 30/05/2014
586/2014	2014/G003/000364	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS, NA LIÑA DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS DO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL, ANUALIDADE 2014
587/2014	2014/G003/000365	SOLICITUDE DE ACCESO Á DOCUMENTACIÓN DO EXPEDIENTE REMITIDO AO XULGADO POR MOR DAS DILIXENCIAS PREVIAS DO PROCEDIMENTO ABREVIADO 0000048/2012
588/2014	2014/G003/000367	CORRECCION DE ERRO COMETIDO NA RESOLUCION 547 DO 26 DE MAIO DE 2014 EN RELACION A AUTORIZACION PARA REALIZAR PRACTICAS NA ESCOLA INFANTIL
589/2014	2014/G003/000368	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H15092IA.414
590/2014	2014/G003/000366	APROBACION DE GASTO POR COTIZACIONES DE MUFACE E COTAS DE CLASES PASIVAS DO MES DE MAIO/2014 DO ALCALDE DON MANUEL ANTELO PAZOS
591/2014	2014/G003/000369	SERVIZOS PRESTADOS POR OPERARIOS MUNICIPAIS
592/2014	2014/G003/000370	SERVIZOS PRESTADOS POR OPERARIOS MUNICIPAIS
593/2014	2014/G003/000371	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DO LIXO DO LOCAL, SITUADO NA RUA CASAS, 5, BAIXO - VIMIANZO
594/2014	2014/G003/000372	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE PABLO TRILLO TRILLO PARA RUA FONTE DOS CABALOS, 4-1º ESQ
595/2014	2014/G003/000373	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE XAQUIN HERMIDA MARTINEZ
596/2014	2014/G003/000374	CALIFICACIÓN URBANÍSTICA E INFORME DE VIABILIDADE PARA INSTALAR UN TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS NA RUA BAIÑAS A, 93, PARROQUIA DE BAIÑAS PROMOVIDA POR D. ESTEFAN OREIRO MALLÓN
597/2014	2014/G003/000375	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE BENEDICTA FACAL ANTELO
598/2014	2014/G003/000376	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE O EDIFICIO SITUADO NA RUA BLANCO RAJOY, 37, VIMIANZO, NON SE ATOPA INCURSO EN XPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA, ASÍ COMO CALIFICACIÓN URBANÍSTICA DO EDIFICIO, PROMOVIDA POR D.ª CARMEN GARCÍA MARTÍNEZ
599/2014	2014/G003/000378	ALTA NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE ENRIQUE FERNANDEZ REGUEIRO PARA O CEAN, 5, BAMIRO
600/2014	2014/G003/000379	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE REPARADA, 10 - SALTO
601/2014	2014/G003/000380	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRAÑO, 11 - CARANTOÑA
602/2014	2014/G003/000381	CAMBIO DE DOMICILIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE TRINIDAD BLANCO BLANCO
603/2014	2014/G003/000382	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE BRAÑO, 11 - CARANTOÑA
604/2014	2014/G003/000383	TOMAR RAZON DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ANDAMIOS NA RUA VILAR, 5,VIMIANZO, REALIZADA POR D. JEÚS HERMIDA MOUZO.
605/2014	2014/G003/000384	CAMBIO DE DOMICILIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE BRAHIM BAKCHICHE PARA O LUGAR DA PIROGA, 21-3º D, BAMIRO
606/2014	2014/G003/000385	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON PLATAFORMA ELEVADORA NA RUA ROSALÍA DE CASTRO, 15, VIMIANZO, REALIZADA POR MARÍA ISABEL POSE CANCELA.
607/2014	2014/G003/000386	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE SERGIO LEMA POSE
608/2014	2014/G003/000387	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DE AUGA DO LOCAL, SITUADO NA RUA CURROS ENRIQUEZ, 12, BAIXO, VIMIANZO
609/2014	2014/G003/000388	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULAR DOS RECIBOS DO LIXO DO LOCAL, SITUADO NA RUA CURROS ENRIQUEZ,12, BAIXO, VIMIANZO
610/2014	2014/G003/000377	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE YOLANDA INSUA LEMA
611/2014	2014/G003/000389	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO POR MARIA JUNQUERA MOUZO PEREIRA
612/2014	2014/G003/000390	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MARIO PAIS FONDO
613/2014	2014/G003/000391	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO POR CRUZ TOURNAN MARTINEZ
614/2014	2014/G003/000392	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO POR MANUEL CASTRO MOUZO
615/2014	2014/G003/000393	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO DE MARIA DOLORES LEMA CUNDINS
616/2014	2014/G003/000394	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO DE MARIA DE LA SIERRA RIVEIRO
617/2014	2014/G003/000395	ORDE DE EXECUCIÓN PARA PROCEDER A ADOPTAR AS MEDIDAS DE CONSERVACIÓN NECESARIOS NUN MURO QUE PECHA A FINCA NÚM. 27, POLÍGONO 1 DA CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE CEREIXO E CARNES, SITUADA NO LUGAR DA ESQUIPA, PARROQUIA DE CEREIXO
618/2014	2014/G003/000396	SOLICITUDE BAIXA NO XIMNASIO POR PAULA MOUZO MACEIRAS
619/2014	2014/G003/000397	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO POR REMEDIOS SANTOS LEMA
620/2014	2014/G003/000398	SOLIC MODIFICACION NO PMH DE LUGAR DE NACEMENTO QUE FIGURA COMO PROVISIONAL PASE A SER: CONCELLO DE ZAS
621/2014	2014/G003/000400	AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DO CONTRATO "REPARACIÓN E MELLORA DE FIRME, BORDOS, BEIRAVÍAS E CUNETAS DA ESTRADA MUNICIPAL DE TINES A QUINTÁNS (DTC 94)"
622/2014	2014/G003/000399	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000006 PROMOVIDO POR D. CÁNDIDO CASTIÑEIRA MÉNDEZ
623/2014	2014/G003/000401	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000007 PROMOVIDO POR D. FRANCISCO JAVIER FERNÁNDEZ MARTÍNEZ
624/2014	2014/G003/000403	RENOVACIÓN DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE LUCIA CARBALLO VALIÑA. 79334349N
625/2014	2014/G003/000405	SOLIC ALTA NO PMH DE MANUELA ENACHE E GRIGORE ENACHE EN RUA TORRE, 36-1º
626/2014	2014/G003/000406	SOLIC ENGANCHE DE AUGA A CARNES, 8 C
627/2014	2014/G003/000407	SOLICITUDE DE INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE A VIVENDA SITUADA NO LUGAR DA PIROGA, 82, BAMIRO, NON FIGURA INCURSA EN EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA E CLASIFICACIÓN DO SOLO
628/2014	2014/G003/000408	SOLIC ENGANCHE DE SUMIDOIRO EN CURES 73 CEREIXO
629/2014	2014/G003/000409	SOLIC ALTA NO PMH DE JORGE TORRADO MOURELLE EN REGO DOS PODRES, 5-BERDOIAS
630/2014	2014/G003/000404	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DA INFORMACIÓN XUVENIL E PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á XUVENTUDE NO ÁMBITO DA EDUCACIÓN NON FORMAL E DA PARTICIPACIÓN
631/2014	2014/G003/000402	SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO
632/2014	2014/G003/000410	ACTA SOBRE DANOS A BENS MUNICIPAIS O 29/5/14 AS 23 H. ROTURA PILONA NA RUA CANDIL
633/2014	2014/G003/000411	AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ALFOMBRAS FLORAIS
634/2014	2014/G003/000412	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA UNHA CHURRASCADEA NO CAMPO DO REGO-MOUZO.
635/2014	2014/G003/000413	SOLICITUDE DE INSCRIPCIONES NO REGISTRO DE ASOCIACIONES DO CONCELLO DE VIMIANZO





636/2014	2014/G003/000414	AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POLA SOCIEDADE DE CAZA SAN VICENTE
637/2014	2014/G003/000415	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H15092IA.414
638/2014	2014/G003/000416	ORDENACION DE PAGO DE PREMIOS DE DISFRACES DO ENTROIDO DE VIMIANZO E BAIÑAS 2014
639/2014	2014/G003/000417	NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ACCIDENTAL
640/2014	2014/G003/000419	APROBACIÓN DOS PADRONS FISCAIS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), CORRESPONDENTES AO MES DE MAIO DE 2014
641/2014	2014/G003/000420	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO DE MARIA MENDEZ LOPEZ
642/2014	2014/G003/000421	APROBACIÓN DA NECESIDADE E URXENCIA DE CONTRATAR A DEZASEIS PEÑONS PARA DESBROCE DE ACCESO A NÚCLEOS DE POBOACIÓN, AOS EFECTOS DO DISPOSTO NO ARTIGO 3.2 DO RDLEI 20/2011, DO 30 DE DECEMBRO
643/2014	2014/G003/000422	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE PABLO ALLER CAROU
644/2014	2014/G003/000423	SOLICITUDE DE AFIPRODEL DE DATA 8 DE MAIO DE 2014
645/2014	2014/G003/000424	TOMAR RAZÓN DA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ANDAMIOS NA RÚA TRASARIZ, 14, VIMIANZO, REALIZADA POR D. JOSÉ A. LEMA RIOBOO
646/2014	2014/G003/000425	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO DE ALBA SUAREZ MARCOTE
647/2014	2014/G003/000426	SOLIC ALTA NO PMH DE GRACIELA CAAMAÑO LIÑARES EN REGO DOS PODRES, 5-BERDOIAS
648/2014	2014/G003/000418	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR PRÁCTICAS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "OS VIMIANZINOS"
649/2014	2014/G003/000427	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE INES LANDEIRA PAZOS
650/2014	2014/G003/000428	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE DIEGO LEMA PEREIRA
651/2014	2014/G003/000429	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO POR ALBERTO CUERVO FLORES
652/2014	2014/G003/000430	SOLICITUDE DE ALTA NO XIMNASIO MUNICIPAL DE MANUEL POSE VARELA
653/2014	2014/G003/000431	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO POR JAVIER PEREZ BLANCO
654/2014	2014/G003/000432	SOLICITUDE DE UTILIZACION DO XIMNASIO POR LUCIA IGLESIAS PEREZ
655/2014	2014/G003/000434	APROBACION DA CERTIFICACIÓN Nº 6 DA OBRA CANALIZACION DE VERQUIDOS A REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO NO NUCLEO DE VIMIANZO E INSTALACION DE MINIDEPURADORA EN BAIÑAS
656/2014	2014/G003/000433	APROBACION DE RELACION DE FACTURAS F/2014/5 E XUSTIFICANTES DE PAGO, RECOÑECIMENTO E ORDEACION DO PAGO
657/2014	2014/G003/000435	APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE DEZASEIS PEÑONS DE DESBROCE DE ACCESO A NÚCLEOS DE POBOACIÓN
658/2014	2014/G003/000436	APROBACIÓN DA NECESIDADE E URXENCIA DE CONTRATAR A DOUS SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL, AOS EFECTOS DO DISPOSTO NO ARTIGO 3.2 DO RDLEI 20/2011, DO 30 DE DECEMBRO.
659/2014	2014/G003/000437	SOLIC ALTA NO PMH DE FAUSTINO POSE HERIDA E CLARISA VECIÑO VELO EN CARNIO, 9-TREOS
660/2014	2014/G003/000439	TRANSFERENCIA DE CRÉDITO EXPEDIENTE TC/05/2014
661/2014	2014/G003/000441	APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE DOUS SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DE VIMIANZO
662/2014	2014/G003/000444	SOLICITUDE DE COPIA DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR VIRAXES, S.L.
663/2014	2014/G003/000445	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM.657, DE DATA 10/06/2014
664/2014	2014/G003/000446	RECTIFICACION DE ERROS DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 660/2014 DE DATA 11 DE XUÑO DE 2014
665/2014	2014/G003/000440	EXPEDIENTE DE LICENZA NÚM. 2014/U008/000006 PROMOVIDO POR D. JUAN LUIS GARCIA LEMA
666/2014	2014/G003/000443	EXPEDIENTE DE LICENZA NÚM. 2014/U008/000008 PROMOVIDO POR HERMIDA CANOSA Y OTRA, S.C.
667/2014	2014/G003/000447	ANULACION DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 660/2014 E 664/2014 DE DATA 11 DE XUÑO DE 2014
668/2014	2014/G003/000449	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PRESENTADA POLO CEIP SAN VICENZO
669/2014	2014/G003/000450	SOLIC ALTA NO PMH DE MARIA ANGELES POSE GARCIA E ISHTIAQ AHMAD NA RUA BAIÑAS, B, 51
670/2014	2014/G003/000448	ADJUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CUBERTA INTERIOR PARA PECHAR UN AULA NO XIMNASIO DO COMPLEXO DEPORTIVO
671/2014	2014/G003/000451	RECTIFICACIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 645, DE DATA 09/06/2014.
672/2014	2014/G003/000452	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE CARANTOÑA, 35 - CARANTOÑA.
673/2014	2014/G003/000453	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE SANFÍNS, 17 - CAMBEDA.
674/2014	2014/G003/000454	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE SANFÍNS,17, CAMBEDA.
675/2014	2014/G003/000455	PERSONAMENTO NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 0000121/2014/SOBRE ADMON LOCAL E REMISIÓN DO EXPEDIENTE
676/2014	2014/G003/000456	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA DE AUGA DA VIVENDA, SITUADA NO LUGAR DE FIGAREDO, 1 - CARANTOÑA
677/2014	2014/G003/000457	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA AS FESTAS DE SAN BARTOLO
678/2014	2014/G003/000458	SOLICITUDE DE BAIXA NO XIMNASIO MUNICIPAL
679/2014	2014/G003/000459	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO AUDITORIO DA CASA DA CULTURA DE VIMIANZO PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL DE FIN DE CURSO DO CEIP SAN VICENZO.
680/2014	2014/G003/000460	APROBACION DE RELACION DE FACTURAS F/2014/6 E ORDEACION DO PAGO
681/2014	2014/G003/000461	APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DAS CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS
682/2014	2014/G003/000462	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 130 DO FICHEIRO H15092IA.514
683/2014	2014/G003/000463	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DA TAXA POLO CONSUMO DE AUGA MUNICIPAL DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA BAIÑAS B,51, BAIÑAS.
684/2014	2014/G003/000464	SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIEDADE DOS RECIBOS DO LIXO DA VIVENDA, SITUADA NA RÚA BAIÑAS B, 51, BAIÑAS
685/2014	2014/G003/000465	DEREITO DE SUPERFICIE MONTE REDONDO ANUALIDADE 2013
686/2014	2014/G003/000466	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN ÁS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA
687/2014	2014/G003/000468	EXPEDIENTE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES NÚM. 2014/U009/000051 PROMOVIDO POR D. JOSÉ MARÍA MOUZO LAVANDEIRA
688/2014	2014/G003/000469	SOLIC CAMBIO DOMICILIO TRIBUTARIO DO IMPOSTO DE RECOLLIDA DO LIXO POLO NOVO LOCAL SITO EN R/TRASARIZ, 34, E SE DEA DE BAIXA NA RUA CASTELAO, 7, BAIXO.
689/2014	2014/G003/000470	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 135 DO FICHEIRO H15092IA.614
690/2014	2014/G003/000471	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 138 DO FICHEIRO H15092IA.614
691/2014	2014/G003/000472	BAIXAS DE CAMBIO DE MUNICIPIO E DEFUNCIONS DO FICHEIRO H15092IA.614
692/2014	2014/G003/000473	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 131 DO FICHEIRO H15092IA.614
693/2014	2014/G003/000474	SOLIC ALTA NO PMH DE JUAN JOSE LAGE FERNANDEZ EN BERDOIAS, 27
694/2014	2014/G003/000475	ORDENACION DE PAGO POR DEVOLUCION DE TAXAS ICIO DO EXPEDIENTE 2014/U008/000004
695/2014	2014/G003/000476	SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DE INTERVENTOR ACCIDENTAL
696/2014	2014/G003/000477	SOLIC UTILIZACION DO XIMNASIO POR FRANCISCO JAVIER SANTOS VARELA
697/2014	2014/G003/000478	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DAS FESTAS NA HONRA DE CORPUS E SAN ANTONIO DE BAIÑAS
698/2014	2014/G003/000479	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA AS FESTAS DE SAN PEDRO DE BERDOIAS
699/2014	2014/G003/000480	SOLICITUDE DE COLABORACIÓN PARA AS FESTAS DE SAN CRISTOVO DE CARNÉS
700/2014	2014/G003/000481	AUTORIZACIÓN DE USO DE LOCAL MUNICIPAL SOLICITADO POR D. FIDEL ROGET BARRIENTOS.
701/2014	2014/G003/000482	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA USO DO PALCO E EQUIPO DE MEGAFONÍA
702/2014	2014/G003/000484	MODIFICACIONES EN INSCRIPCIONES DE HABITANTES REFERENTES A INCIDENCIA 137 DO FICHEIRO H15092IA.614



703/2014	2014/G003/000485	APROBACIÓN DA NECESIDADE E URXENCIA DE CONTRATAR A DOUS CONDUCTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO DE VIMIANZO, AOS EFECTOS DO DISPOSTO NO ARTIGO 3.2 DO RDLEI 20/2011, DO 30 DE DECEMBRO.
704/2014	2014/G003/000486	CAMBIO DE DOMICILIO NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES
705/2014	2014/G003/000483	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PRESENTADA POLO CEIP DE BAIÑAS
706/2014	2014/G003/000487	APROBACIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DE DOUS CONDUCTORES DO VEHÍCULO MOTOBOMBA DO CONCELLO.
707/2014	2014/G003/000467	SOLICITUDE DE AXUDAS PARA O PROGRAMA DE COOPERACIÓN 2014. PROXECTO "BRIGADA DE PROTECCIÓN CIVIL"
708/2014	2014/G003/000488	INFORME ONDE SE FAGA CONSTAR QUE D.ª BENEDICTA LLERENA LIMERES LEVA MÁIS DE 15 ANOS ASISTINDO AO MERCADILLO DE VIMIANZO COMO "CHURRERÍA LAS DELICIAS"
709/2014	2014/G003/000491	SOLIC. EN REPRESENTACION DE JAVIER CERBAN RODRIGUEZ, BAIXA NO LIXO LOCAL EN BAIÑAS, 83
710/2014	2014/G003/000492	SOLICITUDE DE LICENZA DE CELEBRACION DE FESTAS EN BAIÑAS NA HONRA CORPUS CHRISTI OS DÍAS 20 E 21 DE XUÑO DE 2014
711/2014	2014/G003/000493	PAGAMENTO DA TAXA PARA AUTORIZACION DE PROBA DEPORTIVA EN VIAS PUBLICAS CON MOTIVO DA ORGANIZACION DA XI RUTA BTT DO DIA 30 DE AGOSTO DE 2014
712/2014	2014/G003/000494	APROBACION DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE SELECCION DE DOUS SOCORRISTAS PARA A PISCINA MUNICIPAL DE VIMIANZO
713/2014	2014/G003/000495	SOLIC CAMBIO DE DOMICILIO NO PMH DE NANCY CRUZ, ANA MARIA SARRIA CRUZ E ISABELLA SARRIA CRUZ PARA RUA A VAZQUEZ MOUZO, 2B-3ª ESQ
714/2014	2014/G003/000496	DANOS A BENS MUNICIPAIS POR MOR DUN ACCIDENTE DE CIRCULACION NA AC-552, PK 68,700 (APROX.) - CRUCE DE CAMBEDA
715/2014	2014/G003/000489	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2013/U009/000100 PROMOVIDO POR D. LUIS GARCIA CANCIO
716/2014	2014/G003/000490	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2013/U009/000060 PROMOVIDO POR D.ª MARIA DEL CARMEN OLVEIRA SANTOS
717/2014	2014/G003/000497	APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DEZASEIS PEÑONS DE DESBROCE DE ACCESO A NÚCLEOS DE POBOACIÓN
718/2014	2014/G003/000498	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000005 PROMOVIDO POR D. CARLOS MANUEL PARGA NEIRA
719/2014	2014/G003/000499	SOLIC ENGANCHE DE AUGA A ESTABLO EN NOVELLE-SERRAMO
720/2014	2014/G003/000500	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000011 PROMOVIDA POR D.ª PASTORA NOVOA OROÑA
721/2014	2014/G003/000501	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000015 PROMOVIDO POR GRANXA RIVEIRO, S.C.
722/2014	2014/G003/000502	EXPEDIENTE LICENZA DE OBRA NÚM. 2014/U009/000017 PROMOVIDO POR D. ANDRES JOSE COSTA ARIAS
723/2014	2014/G003/000504	PAGO A XUSTIFICAR 5/2014
724/2014	2014/G003/000503	SOLICITUDE PLENO EXTRAORDINARIO CON RE 4441 DO 10/06/2014. CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA RÉXIME INTERIOR
725/2014	2014/G003/000505	SOLICITUDE PLENO EXTRAORDINARIO CON RE 4441 DO 10/06/2014. CONVOCATORIA PLENO
726/2014	2014/G003/000506	AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE CACHELAS EN SAN XOÁN
727/2014	2014/G003/000507	APROBACIÓN DO BORRADOR DE CONVENIO PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A REALIZACIÓN DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS EN VÍAS E CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.
728/2014	2014/G003/000508	APROBACIÓN DO BORRADOR DE CONVENIO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA.
729/2014	2014/G003/000509	APROBACIÓN DO BORRADOR DE CONVENIO PARA A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA.
730/2014	2014/G003/000510	CONCESION LICENZA FESTAS NA HONRA DE SAN XOAN EN CARANTOÑA DIA 21 DE XUÑO
731/2014	2014/G003/000512	CONSTITUCIÓN E CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN DUNHA OBRA INCLUIDA NO POS 2014
732/2014	2014/G003/000513	SOLICITUDE DE CAMBIO DE DATOS PERSOAIS NO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES DE SARAY CASTELO RAMOS
733/2014	2014/G003/000514	SOLIC DE AUTORIZACION PARA ENTREVISTAR A USUARIOS DA VIVENDA COMUNITARIA (RECOPIACION HISTORIAS DA COSTA DA MORTE)
734/2014	2014/G003/000515	APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DEZASEIS PEÑONS DE DESBROCE DE ACCESO A NÚCLEOS DE POBOACIÓN.
735/2014	2014/G003/000516	APROBACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS SOCORRISTAS.

